**UNIDADE 10: A QUEBRA DO SISTEMA LIBERAL: DITADURA E DEMOCRACIA**

**- O contexto internacional de entre guerras. A ditadura de Primo de Rivera.**

**- A Segunda República. A Constitución de 1931: principios e institucións dunha democracia avanzada. O voto feminino. Política de reformas e polarización social. O nacionalismo vasco, catalán e galego.**

**- Os gobernos republicanos. Confrontación política e revoltas sociais. As reaccións antidemocráticas.**

**ÍNDICE**


**Introdución: o contexto internacional** pax. 2

**1. A Ditadura de Primo de Rivera (1923-1930)** pax. 2

**1.2. O Directorio Militar** pax. 3

**1.3. O Directorio Civil** pax. 5

**1.4. Finda Ditadura e da Monarquía** pax. 7

**2. A Segunda República (1931-1936)** pax. 9

**2.1. O Bienio Progresista (1931- novembro 1933)** pax. 9

**2.1.1. As eleccións de xuño de 1931** pax. 9

**2.1.2. A Constitución de 1931** pax. 10

**2.1.3. O voto feminino** pax. 12

**2.1.4. As grandes reformas** pax. 13

**2.1.5. A conflitividade social** pax. 19

**2.2. A República de Dereitas. O Bienio Negro (novembro 1933-1935)** pax. 21

**2.2.1. A organización das dereitas: a CEDA** pax. 21

**2.2.2. As eleccións de novembro de 1933** pax. 22

**2.2.3. O goberno das dereitas** pax. 23

**2.2.4. O movemento revolucionario de outubro de 1934** pax. 24

**2.3. A Fronte Popular (febreiro-xullo 1936)** pax. 26

**2.3.1. As eleccións de febreiro de 1936** pax. 26

**2.3.2. O Goberno da Fronte Popular. O Estatuto de Galicia.** pax. 28

**- Introdución: o contexto internacional**




Réximes políticos na Europa de entreguerras

Os anos vinte e trinta do século XX, entre as dúas guerras mundiais, caracterizáronse pola polarización da vida política e o aumento da conflitividade social. O ascenso dos fascismos e a resposta dos demócratas e das esquerdas caracterizaron a vida política europea. Mussolini acadou o poder en 1922 en Italia, e en 1933 os nazis controlaron o Estado alemán. Réximes de extrema dereita cunha ideoloxía próxima ao fascismo estendéronse por toda Europa. En España, a Ditadura de Primo de Rivera, carente dunha ideoloxía e dun partido que a sustentase, tomou a Italia fascista como modelo para intentar articular un réxime político estable na segunda metade dos anos vinte.

Primo fracasou no seu intento de perpetuarse no poder, pero durante a II República o fascismo e o nazismo foron a referencia ideolóxica e o apoio económico dos conspiradores contra a II República. O ascenso do fascismo en España culminou co triunfo dos rebeldes franquistas na Guerra Civil, grazas entre outros factores á axuda económica e militar da Italia fascista e da Alemaña nazi.

Fronte aos fascismos se van alzar os comunistas, cun apoio cada vez maior entre a clase obreira e os intelectuais dos países europeos En España, o PCE foi un partido minoritario ata a Guerra Civil, sendo o sindicato anarquista CNT o maioritario entre a clase obreira, o cal foi unha excepción en Europa. Para frear ao fascismos, os comunistas van impulsar a alianza coa burguesía democrática en alianzas conxunturais antifascistas: as frontes populares. Primeiro en Francia e despois en España (1936), a Fronte Popular acadou o poder nas eleccións. O estalido da Guerra Civil española enfrontou no campo de batalla ás mesmas ideoloxías que protagonizarán a II Guerra Mundial: fascistas contra demócratas liberais, comunistas e anarquistas.

No ascenso dos fascismos e no aumento da conflitividade social tivo moito que ver a crise de 1929. Despois duns anos de crecemento, os felices anos vinte, a economía capitalista sufriu a partir do crack de Wall Street en outubro de 1929 a crise máis importante. Os efectos da crise (desemprego, descenso da produción, etc.) limitaron a eficacia das medidas impulsadas polos gobernos republicanos de esquerdas.

**1. A Ditadura de Primo De Rivera (1923-1930)**

A partir da crise de 1917 (Folga xeral, Xuntas de Defensa, Asemblea de Parlamentarios) o sistema político da Restauración entrou na fase de crise final. Superouse a crise de 1917, pero non os problemas que a desencadearan: conflitividade social, desastre de Annual e incapacidade dos gobernos e dos partidos alternantes para introducir reformas no sistema. Entre os sectores máis conservadores empezou a prender unha corrente de opinión favorable a unha «solución» autoritaria que pretendía, mediante un réxime de forza, poñer remedio á marcha negativa dos acontecementos e, de feito, desde a primavera do 23 parece que se veu conspirando con ese fin no seo do Exército e mesmo nalgúns círculos políticos civís próximos ao Rei.

Factores que facilitaron a implantación da Ditadura

— A burguesía vira esfumarse os grandes beneficios dos anos anteriores, e alarmada ante o aumento do pistoleirismo nas rúas, defendía cada vez máis a idea de que «isto hai que arranxalo cun réxime de autoridade», idea que se reforzou despois da chegada ao poder dos fascistas en Italia.

— O exército simpatizaba co desexo dun sector da sociedade de que se puxera fin a un parlamentarismo acusado de estéril, e ademais non quería verse misturado nas responsabilidades do desastre de Annual. Atopou no xeneral Miguel Primo de Rivera o home disposto a solucionar «o derrotismo humillante de Marrocos, a marea de responsabilidades e a anarquía».

— O propio rei Alfonso XIII non miraba con malos ollos a idea dun Goberno Militar. Pero agora había un motivo a maiores, as responsabilidades de Annual ameazaban con chegar á Coroa, e por iso un réxime autoritario podía librar ao rei de problemáticas fiscalizacións.

### 1.1. O Golpe de Estado

En setembro de 1923 Primo de Rivera apoderouse da cidade de Barcelona, proclamando o estado de guerra, e fixo público un manifesto ao país, no que se pedía o apartamento total dos partidos políticos e a entrega do Poder a un Directorio Militar. No seu chamamento «Ó país e ao Exército» condenaba o «separatismo» e o réxime de partidos políticos, prometía solución «pronta, digna e sensata» ao problema de Marrocos e xustificaba o seu pronunciamento pola necesidade de restablecer a orde pública deteriorada, especialmente en Barcelona, polo pistoleirismo.

Manifesto de Primo De Rivera

Españois: Chegou o momento máis temido que esperado de recoller as ansias, de atender o clamoroso requirimento de cantos amando á Patria non ven para ela outra salvación que liberala dos profesionais da política, dos que por unha ou outras razóns nos ofrecen o cadro de desgracias e inmoralidade que encetaron o ano 98 e ameazan a España cun próximo fin tráxico e doloroso (…). Imos pedir todas as responsabilidades e gobernar nós ou homes civís que representen a nosa moral e doutrina (…). Este movemento é de homes: o que non sinta a masculinidade completamente caracterizada, que espera nun recuncho sen perturbar, os días bos que para a Patria preparamos. ¡Españois, Viva España e Viva el Rei!

O Presidente do Goberno propuxo a destitución de Primo e dos demais xenerais implicados. O Rei negouse e fixo saber a Miguel Primo de Rivera que, «desexoso de evitar un derramamento de sangue», chamábao a Madrid para encargarse do Poder. O certo é que a parte das protestas dalgúns partidos e sindicatos obreiros, o golpe non atopou resistencia porque ninguén estaba disposto a defender o sistema da Restauración.

O Directorio Militar con Alfonso XIII

### 1.2. O Directorio Militar

Primo de Rivera formou o «Directorio inspector militar», con carácter provisional. En principio, o director concibiu a Ditadura como unha paréntese de excepción, como unha solución transitoria e de urxencia que permitiría co tempo, a volta a un parlamentarismo máis puro. A pesar da declaración de «transitoriedade» e «suspensión provisional da Constitución» o Directorio Militar organizouse como unha auténtica ditadura encomendada directamente a todo o exército. En substitución do goberno estableceuse unha «xunta militar» e foron desmanteladas as institucións constitucionais (salvo o Rei) e mesmo aos tribunais se lles quitan importantes funcións en beneficio da xurisdición militar. Este Directorio

Militar, composto por xenerais de brigada e un contraalmirante, confirmou a proclamación do estado de guerra en todo o territorio nacional.

A Ditadura obtivo un amplo consenso na primeira etapa: A Igrexa, os terratenentes, a burguesía e, ata certo punto, o socialismo, aceptaron o réxime e foron moi escasos os gritos de condena pronunciados nos primeiros días. Como escribiu Ortega y Gasset en «El Sol» por aqueles días: «se o movemento militar quixo identificarse coa opinión pública e ser plenamente popular, xusto é dicir que o conseguiu por enteiro». As Executivas do Partido Socialista e da UGT atopáronse ante o feito consumado e tentaron saír del o mellor posible. «El Socialista» conseguiu que a censura deixase pasar un manifesto no que se conxugaban a súa oposición ao novo poder e as recomendacións de prudente abstención ás organizacións obreiras, aconsellando actuar «dentro das canles legais, sen dar o menor pretexto a resolucións que, non beneficiando as ideas, prexudicarían os intereses do proletariado e do país en xeral ».

Reunidos os Comités Executivos do Partido Socialista e da Unión General de Trabajadores para apreciar as circunstancias creadas polo movemento militar triunfante ao recibir do monarca o encargo de rexer os destinos da nación, resolven: (…)

Segundo. Reiterar á clase traballadora a necesidade de absterse de tomar calquera iniciativa a que puidera ser invitada por impacientes de boa fe ou por elementos que aspiren, con aparencias enganosas, a lanzar ao proletariado a movementos estériles que poidan dar pretexto a represións que ansía, para o seu proveito, a reacción.

Andrés Saborit, secretario do PSOE. Francisco L. Caballero, secretario xeral da UGT. [El Socialista, 16. 09. 1923]

A Executiva da UGT mesmo estimou oportuna a colaboración coa Ditadura, e así aceptou a participación dos seus representantes en organismos como o Consello Interventor de Contas e Largo Caballero aceptou un posto no Consello de Estado. Ata 1929 prevaleceu no PSOE e na UGT. a idea de que era preferible aproveitar as posibilidades de colaboración ofrecidas polo réxime, sen solidarizarse por iso cos principios que o conformaban, e rexeitar as ofertas de participación nas diversas conspiracións civís e militares.

En conxunto, a Ditadura foi considerada con certa benevolencia pola maioría dos sectores políticos do país, xa que a represión canalizouse preferentemente contra os grupos radicais da clase obreira organizada (fundamentalmente a CNT) e, en principio, a Ditadura soubo dar ao país a impresión de entrar nun período de tregua nas loitas sociais.

Houbo tamén importantes sectores descontentos que enseguida manifestaron a súa oposición: A burguesía nacionalista catalá que, tras ver disolta a Mancomunidade, comprendeu que a intransixencia do centralismo non só igualaba senón que superaba á do «vello réxime». O mesmo pasou con parte do clero catalán, ofendido pola prohibición de predicar en lingua vernácula.

Os estudantes e intelectuais empezaron pronto a crear problemas á Ditadura. Ante as críticas, o novo Poder optou por tomar medidas como a clausura do Ateneo de Madrid, ou o desterro de Miguel de Unamuno. Á oposición dos intelectuais uniuse á oposición dos estudantes universitarios.

A CNT e o PCE sufriron unha dura represión, clausurándose os seus locais, deténdose aos seus dirixentes e prohibíndose a publicación dos seus xornais. A represión limitou a súa capacidade de acción contra á Ditadura. A pesar da represión grupos anarquistas decidiron constituír a FAI (Federación Anarquista Ibérica), en xullo de 1927.

**- O novo réxime**

Primo de Rivera auto-proclamouse Presidente do Directorio «coas facultades de ministro único» e con facultades para desempeñar o poder lexislativo mediante decretos «que terán forza de lei». A continuación procedeu a desenvolver as bases sobre as que se ía asentar o novo réxime. As medidas máis importantes neste senso foron: Suspensión das garantías constitucionais, declarando o estado de guerra en todo o territorio nacional; supresión das Cortes, do Xurado e das Deputacións; cese nas súas funcións dos gobernadores civís de todas as provincias quedando o seu cargo encomendado aos respectivos gobernadores militares das mesmas. Disolvéronse tamén os Concellos; disolución da CNT; supresión da Mancomunidade de Cataluña;

establecemento en todas as provincias españolas dunha milicia civil semellante á catalá do Somatén. A Ditadura creaba así desde o principio unha milicia adicta en todas as provincias e a creación da Unión Patriótica (abril do 24): «un partido político que debía reunir a homes de todas as ideas empeñados na reconstrución nacional».

**- O control da colonia de Marrocos**

En principio, Primo de Rivera era partidario da repatriación das tropas. Con esta intención partiu para Marrocos no ano 24, pero os xefes militares da zona estaban decididos a proseguir a guerra (entre eles o mozo tenente coronel Francisco Franco que substituíra a Millán Astray no mando do Tercio de estranxeiros) e así llelo fixeron saber no discurso de benvida efectuado no campamento dos lexionarios de Ber Tieb: «Este que pisamos, señor Presidente, é terreo de España, porque foi adquirido pola máis alto prezo e pagado coa máis cara moeda: o sangue español derramado. Rexeitamos a idea de retroceder, porque estamos persuadidos de que España se atopa en condición de dominar a zona que lle corresponde e de impor a súa autoridade en Marrocos».

En setembro dese mesmo ano Primo de Rivera cambiou de parecer e dirixiuse á opinión pública en termos ben opostos aos que sempre empregara para tratar do problema de Marrocos: «Hoxe, españois, tedes que sabelo coa verdade coa que todo o sabedes de nós, non hai mais camiño posible que pelexar en Marrocos ata derrotar ao inimigo».

A pesar das perspectivas, as tropas españolas conseguiron un notable éxito: o desembarco das, en colaboración co exército francés, en Alhucemas (9 de setembro de 1925), e a vitoria sobre os nacionalistas rifeños de Abd-el-Krim. Con esta ocupación, Primo de Rivera conseguíu un triunfo indiscutible.

**1.3. O Directorio Civil**

Esta segunda etapa do réxime abriuse coa substitución por Primo de Rivera do Directorio militar por un denominado Gabinete civil, integrado en realidade por 6 civís, pertencentes á Unión Patriótica, e por 4 militares.

Exposición de Primo de Rivera ao Rei sobre o Directorio Civil

«En suma, Señor, para expor o meu pensamento clara e sinceramente, o que propoño a V.M. é a substitución dunha ditadura militar por outra civil e económica e de organización máis axeitada, pero non menos vigorosa, e me permito propoñelo así, recollendo a ansia popular, que só teme do cambio de forma de goberno que se debiliten os resortes do mando, que foron carácter do Directorio militar, como xenuína representación do Exército e da Mariña, que tan patrioticamente ofreceron o prestixio dos seus nomes corporativos a este arriscado labor (...)»

Carta do Rei

«2 de decembro de 1925.- Meu querido xeneral: Recibín o teu escrito e con conciencia plena do momento político por que atravesa España e convencido da necesidade de proseguir no labor de salvala, na que tanto ten adiantado o Directorio (...). Hoxe, como o 13 de setembro de 1923, elevo o meu pensamento a Deus no altar da patria para que faga acertada a miña resolución e dea ao novo goberno inspiración e sorte ao fronte dos destinos de España. Teu afectísimo que te abraza, Alfonso, Rei.»

Esta segunda fase da Ditadura a nivel económico caracterizouse por unha política proteccionista ao servizo da oligarquía. A nivel político pretendeuse institucionalizar o réxime, fortalecido polos seus propios éxitos e polo exemplo do fascismo en Italia.

**- Crecemento económico baseado nas Obras Públicas**

Despois da crise da posguerra, a economía mundial entrou nunha fase de estabilización relativa que durou ata a gran crise de 1929. ao amparo desta favorable conxuntura económica europea, emprendéronse notables reformas socioeconómicas ou se prepararon proxectos importantes como o fomento de obras e empresas públicas, a intensificación do programa de regadíos, a planificación dun programa de Construción de Confederacións Hidrográficas, ou o proxecto de reformas fiscais en Facenda.

Liña de teléfonos entre Barcelona e Zaragoza (Marín, 1928)

Durante estes anos houbo un importante aumento da produción industrial cunha extraordinaria expansión do comercio exterior e un novo impulso do sistema bancario. As causas foron: a diminución da tensión social grazas á creación de moitos postos de traballo e a relativa estabilidade dos prezos, a represión exercida polas autoridades sobre a CNT e a 'colaboración' da UGT; a política arancelaria proteccionista que reservou o mercado nacional para a industria española e o intervencionismo estatal mediante a creación de infraestruturas, concesión de subvencións a empresas privadas e a creación de monopolios como CAMPSA e o desenvolvemento de vías de transporte e comunicacións (estradas, liñas férreas e creación de Iberia en 1927, creación da Compañía Telefónica en 1924).

Houbo tamén un forte crecemento da produción agraria, ao que contribuíu de xeito decisivo a política de regadíos. O sector agrario seguiu, sen embargo, presentando graves deficiencias, fundamentalmente a existencia dunha gran masa de campesiños pobres: pequenos propietarios e arrendatarios, xunto coa gran masa de xornaleiros miserables no sur do país. No ano 1929 dos 4 millóns de campesiños españois, arredor de 2 millóns eran campesiños pobres (con 850.000 xornaleiros en Andalucía). Os grandes propietarios (que non chegaban a representar o 1% do total) posuían e controlaban o 42% da riqueza agraria.

A aldea de Razbona en Guadalajara (T. Camarillo, 1930)

En resume, a conxuntura económica europea, nun momento de auxe, favoreceu o desenvolvemento industrial do país e as exposicións internacionais celebradas en Barcelona e Sevilla en 1929 contribuíron a dar esplendor ao réxime. A industria, sobre todo

a siderurxia e a de enerxía eléctrica, desenvolvéronse, pero o certo é que as estruturas agrarias non se modificaron e o 50% da poboación campesiña vivía en condicións de verdadeira pobreza.

**- Institucionalización da Ditadura: A Asemblea Nacional e as Corporacións**

En setembro de 1926 o réxime creou unha Asemblea Nacional como organismo estritamente consultivo. Estaba formada maioritariamente por membros da Unión Patriótica elixidos por sufraxio restrinxido, seguindo de novo o modelo do Consello Fascista da Italia de Mussolini. Tamén se imitou o modelo social do fascismo italiano, creando a Organización Corporativa del Trabajo, para tratar de mediar entre patróns e obreiros. As dúas institucións fracasaron no intento de institucionalizar o réxime de Primo de Rivera.

**- Incremento da oposición política: FAI, FUE e Nacionalismo catalán**

No segundo período da Ditadura, as mostras de descontento fixéronse cada vez máis notorias. A finais do 1925 houbo unha conspiración movida por vellos políticos liberais-monárquico e republicanos (o Partido Socialista rexeitou colaborar co movemento). Contaban ademais có apoio de elementos dentro do exército. Esta conspiración político-militar coñecida co nome de «sanjuanada» (por tratarse da noite de San Xoán: o 24 de xuño de 1926), recorda o típico pronunciamento liberal do XIX. O golpe foi desbaratado e os seus dirixentes detidos e sancionados con fortes multas e penas de cárcere.

Manifesto da Sanjuanada

«O Exército non pode tolerar que se utilice a súa bandeira e o seu nome para manter a un réxime que despoxa ao Pobo dos seus dereitos e que ao acumular arbitrariamente no Goberno a facultade de facer as leis e á vez de executalas, encarna con dano de todos, mediante esta confusión de poderes, o mais perigoso dos despotismos…

O noso programa pode resumirse nestes termos: Restablecemento da legalidade constitucional. Reintegración do Exército, para a mellor defensa dos seus prestixios, aos seus peculiares fins. Mantemento da orde e adopción de medidas que garanten a constitución dunhas Cortes libremente elixidas e que, por ser soberanas, necesitan expresar a verdadeira vontade nacional».

En setembro dese mesmo ano (1926), estoupou un conflito co corpo de Artillería polo método de ascenso. O conflito rematou coa disolución do corpo.

Dende abril de 1925 o político catalanista Maciá, exiliado en París, viña acadando recursos para financiar un movemento tendente a proclamar a República catalá. O 4 de novembro de 1926 foi cando tivo lugar o coñecido como complot de Prats de Moxó que tiña como finalidade invadir Cataluña. O complot foi doadamente desbaratado e de novo os seus dirixentes procesados.

Nos últimos anos da Ditadura aumentaron os problemas: Cando o 19 de maio de 1928 se promulgou o Decreto-Lei de reforma do ensino universitario, que autorizaba ás universidades privadas a dar títulos oficiais desencadeouse a protesta de profesores e estudantes, aglutinados estes na FUE (Federación Universitaria Española). O Goberno non fixo caso destas protestas, e o 7 de marzo de 1929 os estudantes lanzáronse ás rúas. O ministro Martínez Anido cursou entón o seguinte telegrama aos gobernadores: «Reprima movemento estudantil a toda costa. Comuníqueme número de vítimas». Os estudantes non se detiveron e proseguiron as manifestacións nas que cada vez máis soaban gritos de Viva a República! e Abaixo a Ditadura!. O 24 de setembro do 29, o Goberno dábase por vencido e tiña que derrogar o discutido artigo 53.

**1.4. Fin da Ditadura e da Monarquía**

Foron varios os factores que levaron á caída do ditador e, entre eles, cómpre salientar a crise e económica do 29, o paso á oposición da UGT e do PSOE e o rexeitamento do réxime polos intelectuais e partidos políticos.

A causa dos gastos necesarios para as Obras Publicas as finanzas españolas empezaron a quebrar. Uniuse a isto a empeoramento da situación monetaria, a perda continua do valor da peseta foi o primeiro síntoma claro da crise que se aveciñaba. A crise do 29 estalou no noso país e como no resto do mundo estendéndose a todos os sectores da economía. Os distintos grupos sociais españois cargaron sobre Primo e a súa política as causas da crise. Por iso, considerándoo xa inservible, os mesmos grupos que o levaran ao poder, e o mesmo rei, abandonárono.

O 30 de xaneiro de 1930, o ditador presentou a súa dimisión que o rei se apresurou a aceptar. En poucas horas pasouse da ditadura de Primo ao que se chamou ironicamente a *Ditabranda* do xeneral Dámaso Berenguer, elixido a causa da súa reputación liberal. O rei encargou a Berenguer a formación dun goberno que debía preparar a restauración dun sistema parlamentario: o retorno ao sistema constitucional de 1876.

A oposición foi adquirindo un matiz cada vez máis antidinástico. Antigos ministros da Monarquía, como Alcalá Zamora, adheríronse á República e aconsellaron aos elementos católicos e moderados que se uniran a eles. A difícil situación económica e financeira contribuíu a aumentar o descontento, de xeito tal que o Goberno, temendo unha vaga de propaganda republicana, desistiu de convocar eleccións xerais.

**- Organización das forzas da oposición: Pacto de San Sebastián**

Asistiuse a un proceso de agrupamento dos partidos políticos en torno a unha idea: Monarquía ou República. É dicir, os partidos polarizéronse en partidos dinásticos e anti-dinásticos.

En agosto de 1930 a unión das forzas antimonárquicas concretouse mediante un acordo denominado «Pacto de San Sebastián», no que participaron ademais dos xefes das principais tendencias republicanas, a esquerda catalá (que obtivo a promesa dun estatuto autonómico). Non estaban nin o PCE, nin o PSOE, aínda que acudiron algúns líderes a título persoal. Neste Pacto constituíuse o chamado Comité Revolucionario (con Alcalá Zamora como presidente) que tiña como obxectivo derrubar á Monarquía. O Comité organizou un levantamento contra a Monarquía para o 15 de decembro, pero Fermín Galán adiantou en 3 días o levantamento, e o 12 a guarnición de Jaca sublevouse e proclamou a República. A sublevación fallou a pouco de comezar, e os dous xefes do movemento (Galán e García Hernández) foron fusilados.

En febreiro de 1931 Berenguer dimitiu, cedendo o posto ao almirante Aznar. Foi este un goberno de coalición dos partidos dinásticos. A el tocoulle o restablecemento das garantías constitucionais de 1876 e, dado que era imprescindible convocar eleccións para saír da situación creada polo estado de excepción da Ditadura, fixou para o mes de abril as eleccións municipais (que, en principio, parecían menos perigosas que unha consulta xeral).

**- As eleccións municipais do 12 de abril de 1931**

O 12 de abril do 31 celebráronse as eleccións municipais. O resultado, nas grandes cidades, foi maioritario a favor do bloque antidinástico, e en Madrid constituíuse un Comité Revolucionario. O Comité quería agardar a maio para derrubar á Monarquía, pero a saída á rúa de millóns de persoas en toda España impuxo a caída do Rei. As sete da mañá do 14 de abril, Eibar proclamou a República, acción que foi imitada por moitas outras cidades nese mesmo día. En Barcelona tamén Maciá proclamou a República Catalá. Esa mesma tarde Alfonso XIII abdicou e o Comité Revolucionario tomou posesión dos Ministerios.

«Ao país: As eleccións celebradas o domingo (12 de abril) revélanme claramente que non teño hoxe o amor do meu pobo. A miña conciencia dime que ese desvío non será definitivo, porque procurei sempre servir a España, e puxen o único afán no interese público ata nas máis críticas conxunturas. Un rei pode equivocarse, e sen dúbida eu errei algunha vez; pero sei ben que nosa Patria mostrouse en todo momento xenerosa ante as culpas sen malicia.

Son o rei de todos os españois, e tamén un español. Atoparía sobrados medios para manter as miñas rexias prerrogativas, en eficaz loita con quen as combaten. Pero, resoltamente, quero apartarme de canto sexa lanzar a un compatriota contra outro en fratricida guerra civil. Non renuncio a ningún dos meus dereitos, porque máis que meus son depósito acumulado pola Historia, que un día me pedirá contas rigorosas da súa custodia.

Agardo a coñecer a auténtica e axeitada expresión da conciencia colectiva, e mentres fala a Nación suspendo deliberadamente o exercicio do poder real e apártome de España, recoñecéndoa así como única depositaria dos seus destinos. Tamén agora creo cumprir o deber que me dita meu amor á Patria. Pido a Deus que tan fondo como eu o sintan e o cumpran os demais españois.»

Manifesto de despedida de Alfonso XIII, 13 de abril de 1931

## 2. A Segunda República (1931-1936)

### 2.1. O Bienio Progresista (1931-1933)

#### 2.1.1. As eleccións

Cando o 14 de abril se proclamou a Segunda República española, o Comité Revolucionario saído do Pacto de San Sebastián, pasou a converterse en Goberno Provisional. O seu programa de actuación (reforma agraria, liberdade de cultos, respecto á propiedade privada) estaba baseado nas decisións daquel Pacto.

Primeiro decreto do goberno provisional

O Goberno provisional da República tomou o poder sen tramitación e sen resistencia nin oposición protocolaria algunha; é o pobo quen o levou á posición en que se atopa, e a el quen toda España lle rende acatamento e inviste de autoridade. Na súa virtude, o Presidente do Goberno provisional da República, asume desde este momento a xefatura do estado co asentimento expreso das forzas políticas triunfantes e da vontade popular, coñecedora, antes de emitir o seu voto nas urnas, da composición do Goberno provisional.

Interpretado o desexo inequívoco da Nación, o Comité das forzas políticas coa-ligadas para a instauración do novo réxime, designa a don Niceto Alcalá Zamora e Torres para o cargo de Presidente do Goberno provisional da República.

Madrid, 14 de abril de 1931

Polo Comité, Alejandro Leroux, Fernando de los Ríos, Manuel Azaña, Santiago Casares Quiroga, Miguel Maura, Álvaro de Albornoz, Francisco Largo Caballero

Convocáronse eleccións para unhas Cortes constituíntes. Antes de celebrarse estas eleccións houbo graves problemas de orde pública (queima de conventos en Madrid, folga da Telefónica, ameazas da dereita) que fixeron ao Goberno promulgar unha *Lei de Defensa da República*.

Modificouse a *Lei electoral* vixente, a de Maura de 1907. As circunscricións pasaron a ser provinciais e suprimiuse o famoso artigo 29 (proclamación automática do candidato cando non houbera outro); rebaixouse a maioría de idade electoral de vintecinco a vintetrés anos, e declaráronse elixibles os sacerdotes e as mulleres (sen que estas fosen electoras).

En xuño do 31 celebráronse as eleccións cunha participación do 65% do electorado e deron a maioría dos escanos a socialistas e republicanos (os partidos que pertencían á esquerda e ao centro: 273 e 110 deputados respectivamente), mentres que os da dereita acadaron 44 escanos.

- Os ‘partidos de esquerdas’ con máis votos foron o PSOE, Acción Republicana liderado por Azaña e o Partido Radical Socialista de Marcelino Domingo. O PCE non logrou ningún escano nestas eleccións, e entre os partidos autonomistas de esquerdas acadou gran importancia Esquerra Republicana de Catalunya, dirixido sucesivamente polos dous presidentes da Generalitat, Maciá e Companys.
- Os dous ‘partidos de centro’ que obtiveron representación foron o Partido Radical de Lerroux e o constituído por varios grupos de republicanos moderados, entre os que destacaba Niceto Alcalá-Zamora do Partido Progresista que foi o primeiro presidente da República.
- Entre os ‘partidos da dereita’, ademais dos monárquicos alfonsinos e os carlistas, foron importantes o Partido Agrario, que aglutinaba aos agricultores medios de Castela e León, e o

grupo de José Mª Gil Robles, Acción Popular. En 1933 este partido sería o eixe da CEDA (*Confederación Española de Dereitas Autónomas*). Entre os partidos autonomistas inclúense no grupo das dereitas a Lliga Regionalista de Catalunya e o Partido Nacionalista Vasco, que a partir de 1933 adoptou unha postura de colaboración coa esquerda.

### 2.1.2. A Constitución de 1931

O día 9 de decembro de 1931 someteuse a votación o texto da Constitución; aprobouse por 368 votos a favor, 89 ausencias e ningún pronunciamento en contra. O elevado número de ausencias estivo motivado pola redacción do polémico artigo 26 como logo veremos.

Título preliminar. Disposicións xerais

Art. 1.- España é unha República democrática de traballadores de toda clase, que se organiza en réxime de Liberdade e de Xustiza.

- Os poderes de todos os seus órganos emanan do pobo
- A República constitúe un Estado integral, compatible coa autonomía dos Municipios e das Rexións.
- A bandeira da República española é vermella, amarela e morada.

Art. 2.- Todos os españois son iguais ante a lei.

Art. 3.- O Estado español non ten relixión oficial.

Art. 4.- O castelán é o idioma oficial da República. Todo español ten obriga de sabelo e dereito de usalo, sen prexuízo dos dereitos que as leis do Estado recoñezan ás linguas das provincias ou rexións. Salvo o que se dispoña en leis especiais, a ninguén se lle poderá esixir o coñecemento nin o uso de ningunha lingua rexional (…)

Título I. Organización nacional

Art. 9.- Os Alcaldes serán designados sempre por elección directa do pobo ou polo Concello.

Art. 11.- Se unha ou varias provincias limítrofes, con características históricas, culturais e económicas comúns, acordaran organizarse en rexión autónoma para formar un núcleo político administrativo, dentro do Estado español, presentarán o seu Estatuto con amaño ao establecido no Art. 12. (…).

Art. 12.- Para a aprobación do Estatuto da rexión autónoma, requírense as seguintes condicións:

a) Que o propoñan a maioría dos seus Concellos ou, cando menos, aqueles Municipios que comprendan as dúas terceiras partes do Censo electoral da rexión.

b) Que o acepten, polo procedemento que sinale a Lei Electoral, polo menos as dúas terceiras partes dos electores inscritos no Censo da rexión. Se o plebiscito fose negativo, non poderá renovarse a proposta de autonomía ata transcorridos cinco anos.

c) Que o aproben as Cortes.

Art. 13.- En ningún caso se admite a Federación das rexións autónomas.

Título III. Dereitos e deberes dos españois

Art. 25.- Non poderán ser fundamento de privilexio xurídico: a natureza, a filiación, o sexo, a clase social, a riqueza, as ideas políticas nin as crenzas relixiosas.

Art. 26.- Todas as confesións relixiosas serán consideradas como Asociacións sometidas a unha lei especial.

O Estado, as rexións, as provincias e os Municipios, non manterán, favorecerán, nin auxiliarán economicamente ás Igrexas, Asociacións e Institucións relixiosas. Unha lei especial regulará a total extinción, nun prazo máximo de dous anos, do presuposto do Clero. Quedan disoltas aquelas Ordes relixiosas que estatutariamente impoñan, ademais dos tres votos canónicos, outro especial de obediencia a autoridade distinta da lexítima do Estado. Os seus bens serán nacionalizados e afectados a fins benéficos e docentes. As demais Ordes relixiosas someteranse a unha lei especial votada por estas Cortes Constituíntes e axustada ás seguintes bases:

1ª Disolución das que polas súas actividades constitúan un perigo para a seguridade do Estado.

2ª Inscricións das que deben subsistir nun Rexistro especial dependente do Ministerio de Xustiza.

3ª Incapacidade de adquirir ou conservar, por si ou por persoa interposta, máis bens dos que, previa xustificación, se destinen á súa vivenda ou ao cumprimento directo dos seus fins privativos.

4ª Prohibición de exercer a industria, o comercio ou o ensino.

5ª Submisión a todas as leis tributarias do país.

6ª Obriga de render anualmente contas ao Estado do investimento dos seus bens en relación cos fins da Asociación.

Os bens das Ordes relixiosas poderán ser nacionalizados.

Art. 27.- A liberdade de conciencia e o dereito de profesar e practicar libremente calquera relixión quedan garantidos no territorio español, salvo o respecto debido ás esixencias da moral pública. Os cemiterios estarán sometidos exclusivamente á xurisdición civil. Non poderá haber neles separación de recintos por motivos relixiosos. Todas as confesións poderán exercer os seus cultos privadamente. As manifestacións públicas do culto haberán de ser, en cada caso, autorizadas polo Goberno. (...)

Art. 34.- Toda persoa ten dereito a emitir libremente as súas ideas e opinións, valéndose de calquera medio de difusión, sen suxeitarse á previa censura. (…)

Art. 36.- Os cidadáns dun e outro sexo, maiores de 23 anos, terán os mesmos dereitos electorais conforme ditaminen as leis.

Art. 38.- Queda recoñecido o dereito de reunirse pacificamente e sen armas. Unha lei especial regulará o dereito de reunión ao aire libre e o de manifestación (…)

Art. 39.- Os españois poderán asociarse ou sindicarse libremente para os distintos fins da vida humana, conforme ás leis do Estado. (...)

Art. 43.- A familia está baixo a salvagarda especial do Estado. O matrimonio fúndase na igualdade dos dereitos para ambos sexos, e poderá disolverse por mutuo disentemento ou a petición de calquera dos cónxuxes, con alegación neste caso de xusta causa (…) Os pais teñen para cos fillos habidos fóra do matrimonio os mesmos deberes que respecto dos nacidos nel (…). O Estado prestará asistencia aos enfermos e anciáns, e protección á maternidade e á infancia, facendo súa a «Declaración de Xenebra» ou táboa dos dereitos do neno.

Título VII.

Art. 103.- O pobo participará na Administración da Xustiza mediante a institución do Xurado, a súa organización e funcionamento serán obxecto dunha lei especial.

Título IX.

Art. 121.- Establécese, con xurisdición en todo o territorio da República, un Tribunal de Garantías Constitucionais. (…).

O principal obxectivo da Constitución foi a ampliación dos dereitos cidadáns, recollendo as aspiracións sociais non contempladas ata o momento e intentando asegurar o cumprimento da declaración de dereitos. O réxime parlamentario recoñeceu a total independencia do poder

xudicial. Unha das principais novidades está en que recolle un intento de solucionar o «problema rexional», centrado sobre todo en Cataluña (art. 1: *Estado integral, compatible coa autonomía dos Municipios e das Rexións*). Asume a soberanía nacional, aínda que non se utiliza o termo por respecto á reivindicación nacional de Cataluña: «todos os poderes emanan do pobo». O réxime cualifícase, con evidentes pretensións ideolóxicas, como «República dos traballadores de toda clase». A referencia a un Estado dos traballadores foi formulada polos socialistas, pero Alcalá Zamora introduciu a xeneralización «de toda clase» que baleiraba o seu sentido.

A Constitución, na declaración de dereitos dos españois recolleu a liberdade relixiosa, de expresión, reunión, asociación e petición (dereito de toda persoa a dirixir unha petición ao goberno), dereito de libre residencia e de circulación e de elección de profesión, inviolabilidade de domicilio e de correspondencia. Ao tempo, suprimíase todo privilexio de clase social e de riqueza, o que equivalía a anular a nobreza como entidade xurídica. As relacións familiares establécense coa máxima liberdade e igualdade (art. 43). Apuntábase tamén a posibilidade de socialización da propiedade e dos principais servizos públicos, subordinando a propiedade privada aos intereses xerais, aínda que en definitiva os proxectos de nacionalización nunca se levaron a cabo. E, en canto ás futuras Cortes, estas quedaban constituídas nun único Congreso de Deputados, elixidos por catro anos por sufraxio universal, mesmo feminino (sendo un dos primeiros países en recoñecelo).

A pesar das formulacións tan avanzadas no campo económico e social, estas non crearon tantos conflitos como a regulación dos dereitos en materia relixiosa. Os partidos políticos presentes no goberno provisional estaban de acordo na separación da Igrexa e o Estado (art. 3) pero os máis conservadores (Maura e Alcalá Zamora) dimitiron pola redacción dos artigos 26 e 27, que só foron aprobados por 178 contra 59 votos, absténdose case a metade da cámara. A aprobación destes artigos significou o comezo dunha campaña pola revisión da Constitución da que saíu fortalecida a dereita.

### 2.1.3. O voto feminino

A pesar dos esforzos das primeiras sufraxistas españolas, a concesión do voto feminino non se pode atribuír só á presión dos grupos feministas. O sufraxio foi outorgado no marco das reformas lexislativas da II República. O proceso, sen embargo, foi complexo e contraditorio.

Era opinión xeral, tanto nos partidos de dereitas como nos de esquerdas, que a maioría das mulleres, fortemente influenciadas pola Igrexa católica, eran conservadoras. A súa participación electoral levaría, polo tanto, a un fortalecemento das forzas da dereita. Esta idea errónea levou a que importantes feministas como a socialista Margarita Nelken e a radical-socialista Victoria Kent, que foran elixidas deputadas ás Cortes Constituíntes de 1931, rexeitaran a concesión do sufraxio feminino. Na súa opinión, as mulleres aínda non estaban preparadas para asumir o dereito ó voto, e o seu exercicio sempre iría en beneficio das forzas conservadoras e, por consecuencia, máis partidarias da manter á muller na súa tradicional situación de subordinación.

As mulleres segundo os socialistas na II República

<<...A súa misión neste mundo no é soamente a de ‘fabricar fillos’, cando as necesidades da vida non a obriguen a buscarse por medios ilícitos, recursos para subsistir. Cando a súa instrución sexa completa... Pero que non espere acadar todo iso por medio de confesións e rezos. Só o conseguirá sumándose á causa socialista que aspira a unha sociedade máis perfecta. A muller é o máis desgraciado dos seres humanos, por iso nós debemos de axudala e protexela contra a explotación do capitalismo e o escurantismo da relixión.>>

Clara Campoamor

Clara Campoamor, tamén deputada e membro do Partido Radical, asumiu unha apaixonada defensa do dereito de sufraxio feminino. Para ela os dereitos das persoas esixían un tratamento legal igualitario para homes e mulleres e, por isto, a Constitución debería basearse na igualdade e na eliminación de calquera discriminación de sexo: <<Resolvede o que queirades, pero afrontando a

responsabilidade de lle dar entrada a esa metade do xénero humano na política, para que a política sexa cousa de dous, porque só hai unha cousa que fai un sexo só: parir. As outras, facémolas todos en común.>> (Clara Campoamor: 1931). Ao final triunfaron as teses sufraxistas por 161 votos a favor e 121 en contra. Moitos deputados da dereita votaron a favor non por convencemento ideolóxico, senón levados pola idea, que despois de demostrou errónea, de que o voto feminino sería masivamente conservador.

Propaganda de Acción Popular dirixida ás mulleres en 1933

<<ACCIÓN POPULAR, MUJER: ¡Vota la candidatura de derechas y contra el marxismo! Si no lo haces: vendrá el comunismo, que te arrancará los hijos de los brazos; la igresia de tu pueblo, símbolo de nuestra santa religión, será derruída y arrasada; el esposo que amas huirá de tu lado, autorizado por la lei del divorcio; vendrá la anarquía a los campos, y a vuestro hogar el hambre y la miseria. MUJER: ¡Vota a la candidatura de derechas y contra el marxismo! SEÑORA: ¡Con tu voto ayuda a salvar a España!>>

A Constitución de 1931 supuxo un enorme avance na loita polos dereitos da muller. Non só concedía o sufraxio ás mulleres, senón que todo o relacionado coa familia foi lexislado desde unha perspectiva de liberdade e igualdade: matrimonio igualitario, dereito ó divorcio, obrigacións dos pais cos fillos... O réxime republicano puxo a España, no terreo legal, á altura dos países máis evolucionados no referente á igualdade. Sen embargo, neste aspecto como noutros moitos, a guerra civil e a ditadura de Franco derrubaron todo o conseguido, devolvendo á muller a unha situación de inferioridade e dominación.

### 2.1.4. As grandes reformas

Cando o 14 de abril se proclamou a Segunda República Española, herdou todos os graves problemas que o sistema monárquico liberal non fora capaz de resolver. A todos eles vai tentar facer fronte durante os dous primeiros anos. Aprobada a Constitución, creouse un novo goberno presidido por Azaña e no que estaban representados o PSOE (Largo Caballero), o Partido Radical-Socialista e algúns Partidos Autonomistas, como a ORGA de Casares Quiroga.

Durante dous anos, ata fins do 33, azañistas e socialistas intentaron atopar solución aos principais problemas do país. Pero tiveron que facer fronte aos ataques perpetrados tanto desde a dereita, que non estaba disposta a aceptar esas reformas (pronunciamento fracasado do xeneral Sanjurjo en agosto do 32), como desde a esquerda, que os acusaba de facelas con demasiada lentitude (movemento revolucionario anarquista da zona industrial do Llobregat, en xaneiro do 32). Os problemas aos que se enfrontou a República de Esquerdas foron fundamentalmente os seguintes:

**- O problema relixioso**

Xa cando se discutiu nas Cortes a nova Constitución houbo un tema, que xunto ao autonómico, provocou unha forte polémica: o das relacións Igrexa-Estado, que ía ser o causante dunha primeira fractura dentro do novo réxime. Na sesión do día 13 de outubro do 31, o ministro da Guerra Manuel Azaña, pronunciou o seu célebre discurso:

(…) Cada unha destas cuestións, Señores Deputados, ten unha premisa inescusable, imborrable na conciencia pública, e ao vir aquí, ao tomar feitura e contextura parlamentaria, é cando xorde o problema político. Eu non me refiro ás dúas primeiras, refírome a isto que chaman problema relixioso. A premisa deste problema, hoxe político, formúloa eu deste xeito: España deixou de ser católica; o problema político conseguinte é organizar o Estado en forma tal que quede adecuado a esta fase nova e histórica do pobo español (…)

Eu non podo admitir, Sres. Deputados, que a isto se lle chame problema relixioso. O auténtico problema relixioso non pode exceder dos límites da conciencia persoal, porque é na conciencia persoal onde se formula e se responde a pregunta sobre o misterio do noso destino.

Discurso de Azaña, «El Sol», 14 de outubro de 1931.

A redacción do famoso artigo 26 serviu á dereita non republicana para xustificar a súa desafección á República. Nun manifesto dirixido ao país, os deputados das minorías agrarias e vasco-navarra anunciaron que en lugar de participar na elaboración dunha Constitución

«antirrelixiosa e antisocial», adicarían o seu esforzo a combatela movendo á opinión pública contra ela.

Ilustración anticlerical do diario satírico La Flaca

Foi tamén a redacción definitiva do anticlerical artigo 26 a que levou a Alcalá Zamora e Miguel Maura a retirarse do goberno. Deste xeito, por contraditorio que pareza, terminaron colocándose, como dicía Alcalá-Zamora sendo aínda xefe do goberno, «dentro da República e fóra da Constitución». Tendo como base a separación da Igrexa e o Estado marcada polo devandito artigo 26, ao longo de 1932 e 1933 fóronse promulgando leis e decretos complementarios e que desenvolvían o artigo constitucional: promulgouse a extinción en dous anos do presuposto do clero e culto e o sometemento das ordes relixiosas a unha lei especial; disolución da Compañía de Xesús e confiscacións dos seus bens; matrimonio civil, divorcio e secularización dos cemiterios; prohibición do ensino ás ordes relixiosas. A República non prohibiu o ensino ós relixiosos individualmente, nin sequera a dirección de colexios. De feito e de dereito, os relixiosos, tanto seculares como regulares, podían exercer e exerceron, como profesores en colexios particulares e en institucións do Estado. O que se prohibiu ás ordes relixiosas foi recibir e educar alumnos nos seus colexios; é dicir, exercer o ensino corporativamente, como tales ordes relixiosas, pero sen impedir ós seus compoñentes aquel exercicio a título individual.

Houbo un constante enfrontamento entre a Igrexa e a República, como quedou ben patente coa expulsión do país do cardeal arcebispo de Toledo, Monseñor Pedro Segura, primado de España, pola súa actitude abertamente antirrepublicana. Incluso as posicións menos radicais, como a do bispo de Barcelona, deixaban escaso marxe para o diálogo e a colaboración.

Posición do bispo de Barcelona sobre o proxecto constitucional

«O Proxecto de Constitución é unha apostasía do Estado español, ofensa pública e gravísima ao noso bo Deus, Señor dos que gobernan. Non podemos esquecer que os Estados, o mesmo que os particulares, veñen moralmente obrigados a profesar a relixión verdadeira, e maiormente alí onde a sociedade é aínda profundamente relixiosa (...). A unha sociedade así non se a pode declarar atea no seu Código fundamental; aparecería ante todo o mundo como unha violencia exercida sobre a colectividade, que na súa gran maioría non intentou tal cousa ao votar o cambio de réxime (...). Se cre que o estado actual das cousas esixe modificacións, non parece difícil xestionar coa Santa Sede un novo Concordato. Isto calmaría moito os ánimos dos bispos e dos católicos, que están moi intranquilos non só polo proxecto de Constitución, senón polas diferentes disposicións que foron aparecendo, contrarias aos dereitos da Igrexa e ás leis concordadas (...)

Nobreza obriga, señor Presidente, e eu permítome apelar á que aniña no seu xeneroso corazón, pregándolle encarecidamente que interpoña toda a súa influencia, que é moita, para que a Constitución futura sexa unha verdadeira obra de pacificación, que poida ser acatada por todos os católicos (...). Non se ocultará a súa perspicacia que as leis revisten maior eficacia se poden lograr o asentimento da conciencia, e nos actuais momentos en que as nacións todas sofren un forte ataque do bolxevismo e a economía mundial está fondamente perturbada, necesitamos os esforzos e a unión de todos para salvar a sociedade e axudala a dominar a crise presente».

Fragmento da carta de Vidal i Barraquer a Alcalá Zamora, 3-VIII-1931

A pesar das medidas tomadas pola República, a forza social da Igrexa seguiu a ser enorme, e interveu frecuentemente no xogo político a través de Acción Popular, partido que contaba cun programa de política social católica, baixo a inspiración do cardeal Herrera Oria.

**- O ensino e a cultura**

Inmediatamente despois de proclamarse a República, o Goberno provisional, a través do seu ministro de Instrución Pública Marcelino Domingo, tomou as primeiras medidas no terreo educativo e cultural, acción considerada prioritaria polo Goberno: Establecemento do bilingüismo nas escolas catalás; organización do Consello de Instrución Pública; supresión da obrigatoriedade

do ensino relixioso; reforma das Escolas Normais en setembro de 1931; novo Plan de Ensino Medio e reforma da Facultade de Filosofía e Letras.

Pero no campo da educación, o problema básico co que tivo que enfrontarse a República foi o elevado índice de analfabetismo, superior ao 30%, e a falta de escolarización de case a metade da poboación infantil. De aí que un dos máis decididos empeños da República, fora o desenvolvemento do ensino en todos os seus aspectos, especialmente na creación e dotación de centros e persoal docente. Os proxectos iniciais prevían duplicar as 32.680 escolas existentes e ampliar o corpo de 36.800 mestres (hai que ter en conta que había, ademais, que ir substituíndo o ensino das ordes relixiosas).

O plano consistía en crear 5.000 escolas por ano. Os proxectos iniciais víronse freados pola falta de presupostos, a pesar do cal, en 2 anos creáronse máis de 13.000 aulas, que se sumaron ás 33.000 que existían. Ningún pobo de Europa fixera, en política docente, un esforzo semellante, en ningún tempo; e nunca na historia de España se fixo con tanta rapidez.

Xunto a isto, houbo outros interesantes proxectos no campo educativo, contando co antecedente do labor da Institución Libre de Enseñanza, como a modernización da Universidade ou a ampliación dos centros e alumnos de bacharelato. Houbo tamén importantes realizacións no campo cultural: bibliotecas ambulantes, a creación das «Misións Pedagóxicas» en maio do 31 ou a posterior, en decembro de «La Barraca». A creación do grupo universitario de teatro de La Barraca representou unha excepcional experiencia artística. Federico García Lorca adicou a esta empresa os seus últimos cinco anos de vida, antes de ser asasinado polos franquistas, contando coa colaboración de estudantes voluntarios da FUE, adicouse a percorrer España coas súas producións teatrais.

Toda esta política saída do Ministerio de Instrución Pública encontrouse coa reacción daqueles sectores que vían ameazado o control das conciencias e o goberno espiritual de España. por parte da Igrexa católica.

**- O problema militar**

Apenas 11 días despois do inicio da República, o 25 de abril, o Ministro da Guerra Manuel Azaña firmou un decreto, a chamada «Lei Azaña», que pretendía reducir radicalmente o excesivo volume do Corpo de Oficiais (no Exército español había un exceso de oficialidade, con máis de 20.000 oficiais para 100.000 soldados), recortar os gastos e levar a cabo unha depuración pacífica do Exército de cara a conseguir que os militares non interviran na vida política.

A Lei Azaña

(…) Basta consignar as cifras para que sexa notoria a gravidade da situación. A isto chegouse por consecuencia das guerras civís e coloniais, en virtude dun sistema erróneo no recrutamento da Oficialidade. Todos padecen os efectos deste mal. Os Xefes e Oficiais, pola paralización das escalas; e o servizo público, porque o exceso de persoal, non só detivo ata agora os intentos de reforma do Exército, senón que levou a moitos Ministros da Guerra a inventar servizos e destinos de utilidade dubidosa co propósito de colocar á Oficialidade sobrante. Tal situación ten que concluír, e o Goberno está resolto a que conclúa.

Artigo 1.- Concédese o pase á situación de segunda reserva, co mesmo soldo que gocen no seu emprego da escala activa, a todos os Oficiais xenerais do Estado Maior xeral, aos da Garda Civil e Carabineiros e aos dos Corpos de Alabardeiros, Xurídicos militar, Intendencia, Intervención e

Sanidade, nas súas dúas seccións de Medicina e Farmacia, que o soliciten do Ministerio da Guerra dentro dos trinta días seguintes ao da publicación deste Decreto.

Artigo 2.- Concédese o pase á situación de retirado, co mesmo soldo que gocen actualmente no seu emprego e calquera que sexan os seus anos de servizo, a todos os Xefes, Oficiais e asimilados, así en situación de actividade como na de reserva retribuída das distintas Armas e Corpos do Exército, mesmo aos Oficiais menores de Gardas de Alabardeiros, que o soliciten do Ministerio da Guerra dentro do prazo sinalado no artigo anterior (…)

Discurso de Azaña*, Ministro de la Guerra*

Case a metade dos posibles beneficiarios acolléronse á lei antes de acabar o ano. A nova Lei admitindo o retiro, co soldo íntegro, de todos os xenerais e oficiais que non quixeran prestar xuramento de fidelidade á República, foi o procedemento escollido para acabar cos excedentes e asegurarse, polo menos teoricamente, a lealdade do Exército. Ademais destas medidas, Azaña tomou tamén outras: Os organismos xudiciais especiais do Exército foron progresivamente disoltos ata a eliminación do fuero militar; a administración militar da colonia de Marrocos foi substituída por unha administración civil, sen cuestionarse a ocupación española; A Academia Oficial de Zaragoza foi cerrada por Azaña o 29 de xuño de 1931. O peche da academia foi un duro golpe para o seu director Francisco Franco.

A pesar de todas estas medidas e precaucións, quedou no Exército unha importante masa de oficiais que desde o primeiro día comezou a preparar o golpe contra a República.

**- Os nacionalismos**

A cuestión da diversidade nacional dentro de España foi un dos primeiros problemas que tivo que afrontar a República. Cómpre ter en conta que en Barcelona a República fora proclamada horas antes que en Madrid por Maciá, dirixente da Esquerra e de «Estat Catalá».

«Cidadáns: En nome do pobo de Cataluña eu proclamo desde aquí o Estat Catalá e proclamo a República catalá. Ademais solemnemente dígovos que con todo cariño vaiamos á Confederación coas demais Repúblicas de España. Agora formamos o goberno da República catalá e aquí estaremos dispostos a defendela ata morrer.

(Verbas pronunciadas por Maciá desde o balcón central do Concello barcelonés o 14 de abril de 1931)

Cataláns a favor do Estatut

O goberno provisional enviou rapidamente a Barcelona aos seus 2 ministros cataláns que resolveron a crise convencendo a Maciá para que a expresión «Estado catalán» fora substituída por «Generalitat», concepto de contido histórico, en espera dunha futura decisión das Cortes.

Aprobada a Constitución, esta mencionaba a posibilidade de conceder autonomía ás rexións que así o solicitasen. En xuño do 32, unha pequena comisión de expertos elaborou o Estatuto de Nuria, proxecto que avogaba por unha república federal, un uso exclusivo da lingua catalá e o pleno control da educación. Celebrado, a principios de agosto, un plebiscito en Cataluña sobre este proxecto de estatuto rexional, a poboación foi favorable a el nun 90% cunha participación dun 75.

O Estatuto non foi ben acollido polos propios partidos republicanos e socialistas debido á amplitude das competencias que deixaba en mans da Generalitat. Foi aprobado como reacción fronte ao pronunciamento de Sanjurjo, con importantes enmendas:

Estatuto de Cataluña

Artigo 1.— Cataluña constitúese en rexión autónoma dentro do Estado español, con arranxo á Constitución da República e ao presente Estatuto. O seu organismo representativo é a Generalitat (...).

Artigo 10.— Corresponderá á Generalitat a lexislación sobre réxime local, que recoñecera aos Concellos e demais Corporacións administrativas que cree, plena autonomía (...).

Artigo 11.— Corresponde á Generalitat a lexislación exclusiva en materia civil (...).

Artigo 14.— A Generalitat estará integrada polo Parlamento, o Presidente da Generalitat e o Consello Executivo. As leis interiores de Cataluña ordenarán o funcionamento destes organismos, de acordo co Estatuto e a Constitución. (...)

Mediante este Estatuto de setembro de 1932, Cataluña converteuse en «rexión autónoma dentro do Estado español», rexida por un goberno propio, a Generalitat, con facultades lexislativas e executivas en facenda, economía, educación e cultura, transportes e comunicacións. O goberno da República ocupábase das relacións exteriores, a orde pública e o Exército, ao tempo que asignaba delegados do goberno central para supervisar as accións executivas da Generalitat e establecía un Tribunal de Garantías Constitucionais para xulgar conflitos lexislativos entre as Cortes e o futuro parlamento catalán. Catalán e castelán serían os idiomas oficias de Cataluña.

Durante o ano seguinte, a Generalitat chegou a acordos sobre sanidade, impostos e orde pública. O cargo de gobernador civil foi abolido e todas as forzas policiais quedaron baixo o mando do «conceller de governació». Obras Públicas tamén foi transferida e o goberno local foi incrementando considerablemente o uso do catalán en administración, xulgados e escolas.

No País Vasco tamén tiña moita forza o movemento nacionalista, pero neste caso o carácter fortemente confesional e católico (que nesa época viña ser o mesmo que dereitista) do PNV, dificultou notoriamente as conversas co goberno de esquerdas sobre o futuro Estatuto de Euskadi (formado polas provincias de Álava, Guipuzcoa, Navarra e Biscaia), que non chegou a ser aprobado ata 1936, e só para as provincias Vascongadas, sen apenas tempo para entrar en vigor de xeito efectivo.

Nos primeiros tempos da República o nacionalismo vasco colaborou coa dereita católica e o Estatuto de Estella (redactado en xuño de 1931 polos carlistas e os nacionalistas vascos) contiña un apartado segundo o cal o País Vasco podería regular directamente con Roma as relacións Igrexa-Estado. Co tempo nacionalistas vascos e tradicionalistas vascos e navarros evolucionaron por carreiros distintos e mentres o PNV aceptou a República e os métodos democráticos, para os carlistas a República seguiu a ser o peor dos males, xa que non aceptan a aconfesionalidade do Estado. Así se produciu a ruptura da unidade entre as Vascongadas e Navarra.


Fundación do Partido Galeguista (1931)

En Galicia, durante estes anos, redactouse pola Asemblea de Municipios Galegos, celebrada en Santiago os días 16 ao 18 de decembro do 32, o primeiro Estatuto de Autonomía de Galicia. Na redacción deste Estatuto exerceu un gran protagonismo o recentemente creado Partido Galeguista (1931), no que quedaron fusionadas as diversas agrupacións galeguistas ou nacionalistas existentes. O texto deste primeiro Estatuto de Autonomía, ao igual que os restantes Estatutos, tiña que cumprir unha serie de requisitos, previstos na Constitución, para adquirir a súa plena validez lexislativa: ademais da súa redacción e aprobación polos concellos, o sometemento a referendo do pobo galego e a súa posterior aprobación polas Cortes españolas. Os problemas republicanos, que

haberían de levar á disolución das Cortes constituíntes e ás eleccións de novembro do 33 atrasaron a súa tramitación ata o 36 co goberno da Fronte popular.

Outras rexións (Aragón, Castela a Vella-León, Valencia, Baleares, Andalucía) iniciaron tamén estudos e proxectos para conseguir a súa autonomía pero non chegaron a realizarse.

**- O problema agrario**

A reforma agraria foi o outro gran problema vixente desde o primeiro momento da proclamación da República, discutida polas Cortes ao longo de 1932 e aprobada tamén como contestación ao pronunciamento de Sanjurjo. Tiña dúas vertentes:

a) Unha estritamente económica, que só podía resolverse a longo prazo, cultivando mellor os latifundios, aumentando os regadíos e fomentando unha industrialización que puidera absorber uns excedentes de man de obra campesiña que agora, en plena crise mundial, encontraban pechada a tradicional válvula de seguridade da emigración exterior.

b) A outra vertente era de carácter social, con zonas de grandes latifundios (Andalucía, Estremadura, La Mancha) propiedade de terratenentes que pagaban salarios míseros, e mantiñan a milleiros de xornaleiros sen terra nun paro estacional crónico para asegurar a rendibilidade das súas explotacións.




Latifundios en España (1932)

Inmediatamente despois de implantada a República, o Goberno provisional promulgou varios Decretos encamiñados a preparar a reforma agraria:

— En principio, e para evitar que se deixara sen traballo a moitos dos campesiños afiliados aos organismos obreiros, promulgouse o Decreto de 29 de abril de 1931, que obrigaba a empregar en primeiro lugar aos obreiros do termo municipal e se prohibían os desafiuzamentos de fincas rústicas dadas en arrendamento, cultivadas ou aproveitadas por agricultores, cunha renda que non excedese de 1.500 pesetas anuais, excepto cando a demanda se basease na falta de pago.

— Outro decreto de gran importancia foi o do 7 de maio do mesmo ano chamado de «labra forzosa» que obrigou aos cultivadores de terras a realizar todos os labores propios dun bo cultivo, evitando que, como estaba ocorrendo, deixasen de realizar moitas destas tarefas coa fin de dar o menor traballo aos campesiños ('comede República' dicíanlle algúns terratenentes aos xornaleiros).

— O primeiro de xullo decretouse a xornada de 8 horas para os campesiños

Todas estas disposicións, e algunhas máis, convertéronse despois en leis o 9 de setembro e o seu espírito estará presente na Lei de Bases da Reforma Agraria de 15 de setembro de 1932.

A Lei de Reforma Agraria, aprobada en agosto do 32, establecía a expropiación con indemnización das grandes fincas que non fosen directamente cultivadas polos seus donos, así como aquelas incultas e as de regadío non regadas, para ser repartidas entre familias de campesiños ou entre colectividades de agricultores.

<u>Lei de Reforma Agraria</u>

(…) Serán susceptibles de expropiación as terras incluídas nos seguintes apartados:

1.— As ofrecidas voluntariamente polos seus donos, sempre que a súa adquisición se considere de interese polo Instituto de Reforma Agraria.

3.— As adxudicadas ao Estado, Rexión, provincia ou Municipio, por razón de débito, herdanza ou legado e calquera outras que posúan con carácter de propiedade privada.

4.— As fincas rústicas de Corporacións, fundacións e establecementos públicos que as exploten en réxime de arrendamento, parzaría ou calquera outra forma que non sexa explotación directa.

5.— As que polas circunstancias da súa adquisición, por non seren explotadas directamente polos adquirentes e polas condicións persoais dos mesmos, deba presumirse que foron compradas con fins de especulación ou co único obxecto de percibir a súa renda.

6.— As que constituíron señoríos xurisdicionais e que foran transmitidas ata chegar aos seus actuais donos por herdanza, legado ou doazón.

As terras da nobreza e as dos que participaran no levantamento do xeneral Sanjurjo foron confiscadas sen indemnización. Dos cultivadores directos que non caeran nalgún dos casos citados anteriormente, só serían expropiadas as terras que pasasen duns límites máximos que, segundo os cultivos, se fixaban desde as 100 ás 750 has.

Familia campesiña (1932)

Para levar a cabo a redistribución das terras creouse o Instituto de Reforma Agraria, do que dependían as xuntas provinciais e as comunidades de campesiños. O mecanismo de actuación foi o seguinte: as terras expropiadas ou confiscadas pasaban a ser propiedade do Instituto, que as transfería ás xuntas provinciais, que á súa vez as entregaban ás comunidades de campesiños, para a súa explotación colectiva ou individual, segundo tivesen decidido previamente os campesiños.

Os problemas que se presentaron para a realización deste labor foron numerosos e graves, sen contar coa oposición dos terratenentes expropiados ou confiscados. O carácter excesivamente burocrático do Instituto, a falta de datos para coñecer as terras pertencentes a un mesmo dono, a falta de estudos previos sobre a calidade e rendemento da terra e a exclusión das terras de pastos, co que se marxinaba á gandería. O resultado foi que en vez dos 60.000 campesiños asentados anualmente que se proxectara, despois de 2 anos de actuación do Instituto apenas se superaran as 12.000 familias campesiñas asentadas nunha extensión de 117.837 hectáreas.

Expropiacións e ocupacións realizadas en virtude da lei de Reforma Agraria de 1932 ata 31 de decembro de 1934

| | Nº de fincas | Extensión (en ha.) | Número de asentados |
|---|---|---|---|
| Expropiadas | 468 | 89.133 | 8.609 |
| Ocupadas | 61 | 27.704 | 3.651 |
| Total | 529 | 116.837 | 12.260 |

A Reforma Agraria foi máis un proxecto que unha realidade, e non só polo escaso tempo transcorrido entre o seu inicio (1932) e a súa anulación (1936). A reforma agraria española fracasou porque se adicaron poucos recursos a súa posta en funcionamento o que fixo que fose moi lenta a aplicación. As masas campesiñas non viron mellorada a súa situación e foron cada vez máis hostís ao Goberno.

### 2.1.5. A conflitividade social

A situación económica da España republicana caracterizouse pola incidencia da crise económica do 29 que repercutiu na diminución da produción mineira e no estancamento da industria téxtil e siderúrxica. O paro obreiro constituíu un dos elementos dominantes no panorama social entre 1931 e 1936; o intento de Azaña de incorporar ás clases traballadoras á República fracasou e en moitos casos e a orde pública foi seriamente ameazada por revoltas locais e folgas violentas.

A actitude dos grandes sindicatos non seguiu unha liña única. Dentro da UGT existían dúas tendencias: un grupo partidario dun desenvolvemento social pausado, e outro partidario, en troques, dun proceso revolucionario inmediato, temerosos dos progresos da CNT, aínda que non do comunismo que aínda tiña un ámbito de acción reducido. O sindicato socialista durante este primeiro período republicano manifestou unha postura pacífica e só presentou unha actitude de oposición violenta durante o bienio dereitista. Sen embargo, o anarquismo, cunha CNT cada vez máis dominada pola FAI (sobre todo desde outono do 31), e a pesar das súas divisións internas, exerceu unha oposición á República moi violenta, recorrendo a folgas e sabotaxes.

«Estamos fronte ás Cortes Constituíntes, como estamos fronte a todo poder que nos oprima. Seguimos en guerra aberta contra o Estado. A nosa misión, sagrada e elevada misión, é educar ao pobo, para que este comprenda a necesidade de sumarse a nós con pleno estado de consciencia e establecer a nosa total emancipación por medio da revolución social. Fóra deste principio, que forma parte viva do noso propio ser, non sentimos temor en recoñecer que temos o deber ineludible de sinalar ao pobo un plan de reivindicacións mínimas, que ten que esixir, creando a súa propia forza revolucionaria».

Actas do Congreso Extraordinario da CNT. VI/1931

En tres ocasións (xaneiro do 32, xaneiro do 33 e decembro do 33), a CNT lanzou movementos insurreccionais de ámbito nacional. Desenvolveuse así un círculo vicioso no que a cada provocación anarcosindicalista seguía unha represión brutal por parte do goberno o que á súa vez traía unha renovada militancia entre os anarcosindicalistas. O goberno mostrouse incapaz de garantir a orde pública e a paz social. Tratou de facer fronte ao problema creando a Garda de Asalto pero pese a isto a orde pública viuse cada vez máis deteriorada:

Folga en Valencia (1932)

Xa mentres se discutía o proxecto de Constitución, a Orde Publica deteriorouse con acción da dereita e da CNT. En Castilblanco, unha localidade de Badajoz de pouco máis de 3.000 habitantes, o 31 de decembro tivo lugar unha folga organizada pola FNTT (Federación Nacional de Traballadores da Terra, integrada na CNT). Ao intentarse disolver a manifestación, os campesiños reaccionaron violentamente, sendo atacados e mortos a coiteladas os catro números da Garda Civil do posto local.

Xuízo contra os participantes nunha revolta campesiña en Vila de Don Fadrique (Alfonso, 1932)

Poucos días despois, no Alto Llobregat, tiveron lugar as primeiras declaracións de comunismo libertario que foron duramente reprimidas polo Exército. Como consecuencia, 104 dirixentes da CNT foron enviados a Guinea, entre eles Ascaso e Durruti. Tamén tivo lugar o episodio de Arnedo (Logroño) onde ao disolverse unha manifestación morreron sete traballadores e quedaron feridos trinta máis.

As consecuencias políticas de Castilblanco e Arnedo foron importantes. Ante a dureza das medidas tomadas pola Garda Civil, esixiuse a destitución de Sanjurjo, e así o fixo Azaña o 5 de febreiro de 1932. A partir dese momento, Sanjurjo iniciou os preparativos do seu alzamento, xunto co xeneral monárquico Barrera. O resultado foi o golpe do 10 de agosto de 1932 (a *sanjurjada*), a primeira insurrección militar contra a República. O levantamento foi desmantelado tanto en Madrid como en Sevilla: en Madrid pola Garda de Asalto e en Sevilla pola CNT

**Casas Viejas**. O peor golpe sufrido polo Goberno tivo lugar a mediados de xaneiro de 1933. Os anarquistas organizaron un levantamento para o 8 de xaneiro. En Casas Viejas, Cádiz, producíronse os acontecementos máis violentos da revolta e da súa represión. Unha represión policial brutal que non gardaba punto de comparación co trato que o mesmo goberno dispensara anteriormente aos xenerais monárquicos sublevados.

Casas Viejas. Unha aldea próxima a Medinasidonia (Cádiz) con 6000 hectáreas de terra cultivable. Delas, e en razón do latifundismo absentista, non se cultivaban máis de 2000, porque unha parte da mellor terra estaba adicada á cría de reses bravas. Mentres tanto, 500 obreiros agrícolas sufrían o paro crónico e vivían nunhas condicións miserentas. As vivendas dos braceiros consistían nunha cova escavada, unhas paredes de barro dun metro e un teito de ramas. Un observador describía a situación nos seguintes termos: «Os pobres, entolecidos de fame, e os ricos, entolecidos de medo».

Esgotada a súa paciencia fronte á anunciada reforma agraria que non chegaba, cando a declaración da FAI, de comunismo libertario, chegou ao líder local dos braceiros, Curro Cruz alcumado «Seisdedos», decidiu apoiala. Dunha forma inxenua, el e os seus seguidores supuxeron que automaticamente toda a terra se convertería en comunal. Non esperando ningún derramamento de sangue, decidiron esquecer o pasado e ofrecer aos terratenentes locais e á Garda Civil a oportunidade de unirse á nova empresa colectiva en plano de igualdade. Ante a súa sorpresa, a Garda Civil respondeu con disparos á oferta. A chegada de reforzos da Garda de Asalto, á fronte da que ía o capitán Rojas, fixo baterse en retirada aos braceiros, e tras unha noite de sitio a casa de «Seisdedos» foi incendiada. Dentro estaban «Seisdedos», o seu xenro, os seus dous fillos, o seu curmán, a súa filla, a súa nora e os seus dous netos. Os que tentaron fuxir foron recibidos a tiros. Outros 14 braceiros foron tamén mortos a tiros a sangue frío.

A partir de Casas Viejas a coalición entre socialistas e republicanos de esquerda empezou a quebrarse. O episodio serviu para facer ver aos socialistas o prezo da súa colaboración no Goberno. Mostroulles que para defender unha república burguesa estaban a sacrificar a súa credibilidade diante das masas obreiras. Ese sacrificio parecía ter valido a pena en 1931, cando as melloras do novo réxime supuñan un beneficio real para a clase obreira. En 1933, sen embargo, coa lexislación paralizada nas Cortes polos radicais e os agrarios e nas zonas rurais polo boicot dos patróns.

### 2.2. A República de Dereitas.O Bienio Negro (novembro 1933-1935)

#### 2.2.1. A organización das dereitas: a CEDA

Ó longo de 1933 a dereita española, pouco organizada ata entón e infrarrepresentada nas Cortes, conseguiu grandes progresos na súa estruturación. O gran acontecemento da primavera do 33 foi a constitución da CEDA (Confederación Española de Dereitas Autónomas) que asegurou contar con 700.000 afiliados e incorporou a case toda a dereita e a todo o catolicismo español. A súa dereita quedarán só os partidos monárquicos, Renovación Española, os carlistas e os pequenos grupos fascistas.

«Os candidatos da coalición antimarxista defenderán, resoltamente e a todo transo, a necesidade dunha inmediata derrogación, pola vía que en cada caso proceda, dos preceptos, tanto constitucionais como legais, inspirados en designios laicos e socializantes, en realidade encamiñados a destruír, así o inmenso patrimonio moral como a xa exhausta riqueza material da sociedade española; traballarán sen descanso para lograr a cancelación de todas as disposicións confiscadores da propiedade e persecutorias das persoas, das Asociacións e das crenzas

relixiosas. E, finalmente, solicitarán, como prenda de paz, a concesión dunha ampla e xenerosa amnistía, tan xenerosa e ampla como a reclamada e obtida polo socialismo en 1917.

A impedir que a política anticatólica, antieconómica e antinacional, representada polo socialismo e os seus subalternos auxiliares, máis ou menos descubertos ou subrepticios, prevaleza ou sequera inflúa predominantemente, como ata agora, na gobernación do Estado, irán vigorosa e enerxicamente encamiñados os nosos esforzos. Procedentes os que constitúen a candidatura cedista de campos políticos diferentes e aínda opostos, conservan íntegra a súa plena liberdade para defender no Parlamento ou fóra del as solucións que ante os máis palpitantes problemas da actualidade preconiza o seu respectivo ideario».

«ABC», 31 de outubro de 1933

O seu líder foi Gil Robles, home carismático que ao longo de 1933, utilizando ao seu partido Acción Nacional como espiña dorsal da mobilización, realizou grandes campañas de masas utilizando a fondo o tema relixioso (para o que pide a revisión constitucional), o tema agrario e o nacional (cunha oposición frontal á reforma agraria e ao Estatuto de Cataluña).

SUSCRICION

Diario de Valencia

NUMERO SUELTO 10 céntimos

AÑO XXIII OFICINAS: TRINQUETE DE CABALLEROS, 14 Domingo 12 Noviembre 1933 TELEFONO 1 8 2 2 A. — APARTADO 1 2 2 Núm. 7.412

Por vuestro Dios en quien creeis. Por vuestra patria a quien amáis. Por la Valencia abandonada que os vió nacer. Por vuestra libertad y vuestra dignidad. Por la conciencia y el pan de vuestros hijos

¡A votar íntegra la candidatura de la Alianza de las Derechas!

Instrucciones a los interventores

ALIANZA DE DERECHAS

Candidatura de Valencia-capital

Luis Lucia Lucia

Tamén neste ano, xa en pleno período electoral para unhas novas cortes, José Antonio Primo de Rivera, o fillo do ditador, nun acto celebrado no teatro da Comedia de Madrid o 29 de outubro funda Falange Española, un partido nese momento irrelevante pero de gran importancia cara o futuro.

### 2.2.2. As eleccións de novembro de 1933

En setembro de 1933 Azaña tivo que dimitir como xefe de goberno por mor da crecente oposición parlamentaria. O presidente da República, Alcalá-Zamora, encargou a formación dun goberno de transición, coa misión de celebrar eleccións (en novembro) para a constitución dunhas novas Cortes. Unhas eleccións nas que por primeira vez ían votar as mulleres.

Cola para votar, novembro 1933

Na campaña electoral, as dereitas formaron unha fronte electoral única, o seu programa centrábase na revisión da lexislación laica e progresista. As esquerdas, en troques, foron divididas ás eleccións, ao fracasaren as negociacións entre os partidos. E, en canto á CNT, os anarquistas pediron a abstención electoral.

As eleccións de novembro do 33 marcan o final da primeira metade do período republicano e, máis concretamente, dos dous anos de goberno de Azaña con republicanos de esquerda e socialistas. Os partidos de centro e dereita acadaron gran éxito, obtendo actas de deputado os xefes da CEDA (Gil-Robles), de Falange española (Primo de Rivera) e do Bloque Nacional monárquico (Calvo Sotelo). Na composición definitiva das Cortes ordinarias da República a dereita e o Centro obtiñan a maioría dos escanos (386) mentres a esquerda quedaba só con uns 100 escanos. As eleccións fixeron da CEDA o primeiro grupo parlamentario (con 113 escanos) e dos radicais e grupos do centro o eixe da situación política. Ao tempo, supuñan unha dura decepción para os socialistas, que só obtiveron 58 escanos

Ante estes resultados, a CNT, que seguía crendo posible o triunfo da revolución pola acción dos seus grupos armados, provocou unha serie de levantamentos en decembro do 33, en especial, na Rioja e Aragón. O goberno reprimiu duramente o movemento e practicáronse milleiros de detencións, declarándose unha vez máis a ilegalidade da CNT, clausurándose os seus locais e sendo suspendida a súa prensa.

O xiro á dereita nestas eleccións (en só 2 anos produciuse un cambio de actitude importante no electorado español) debeuse aos seguintes factores:

1.— A eficacia da campaña de propaganda das dereitas.

2.— Moitos observadores cren tamén que o voto feminino prexudicou á esquerda. As mulleres de clase obreira, tense sostido, votaron coma os seus maridos, mentres que as de clase media, con maridos que votaban republicano, seguiron o consello do confesor.

3.— Descontento da poboación non militante co labor realizado ata entón polo Goberno de esquerdas.

4.— Pero quizais as dúas razóns principais dos pobres resultados obtidos pola esquerda foron: a fragmentación electoral e o abstencionismo de gran parte da esquerda, especialmente da CNT.

### 2.2.3. O goberno das dereitas

O 18 de decembro quedou constituído o novo Goberno presidido por Lerroux, que decidiu gobernar de acordo coa CEDA, o partido máis importante das dereitas, que esperaba conseguir formar parte do Goberno para poder levar a cabo o seu programa: reforma da Constitución e da Lei Agraria, defensa do catolicismo e limitacións á socialización. O goberno de Lerroux atopouse cunha situación política cada vez máis radicalizada e con diversos problemas aos que non puido facer fronte:

a.— Fronte de dereitas: constituída pola CEDA que se estaba a preparar para o poder que reclaman para impor a orde. Nun discurso do 7 de abril do 34, Gil Robles dicía: «Imos conquistar o Poder, ¿con este réxime?; co que sexa e como sexa», o que loxicamente provocaba a preocupación en toda a opinión republicana e de esquerdas, especialmente nos socialistas, que desconfiaban da boa fe republicana de Gil Robles, ao que consideraban disposto a establecer un réxime ditatorial similar aos fascismos europeos do momento. Falange Española (que se empezou a organizar para a acción directa en comandos armados), e o Grupo Tradicionalista de orixe navarro que empezou a establecer os primeiros contactos con Mussolini para dar un golpe de estado monárquico, e enviou a Italia a mozos tradicionalistas para instruírse «no manexo das armas modernas», que figuraban oficialmente como «oficiais peruanos en viaxes de prácticas».

Gil Robles nun mitin, 1933

> 1º Que está disposto (Mussolini) a axudar coa asistencia e medios necesarios a ambas partes da oposición ao réxime existente, coa fin de derrubalo e reemprazalo por unha Rexencia que prepararía a restauración completa da Monarquía.
>
> 2º Que como demostración práctica e previa desta intención está disposto a contribuír inmediatamente con 20.000 fusiles, 20.000 granadas de man, 200 ametralladoras e 1.500.000 pesetas en metálico.
>
> 31—3—1934

b.— Fronte obreira: PSOE e PCE chegaron a un acordo a través das Alianzas Obreiras. As Alianzas Obreiras tamén se militarizaron e comezáronse a armar, algo non estraño dentro da CNT, pero si dentro do ámbito dos socialistas e comunistas.

c.— Fronte das Autonomías: Os nacionalistas vascos estaban claramente anoxados co Goberno, pois o seu Estatuto estaba detido nas Cortes. O proxecto de Estatuto Vasco fora entregado ao xefe do Goberno e ao presidente das Cortes, o 21 de decembro do 33. En febreiro do 34 empezou a debaterse no Parlamento e ante a dura oposición manifestada polos deputados da dereita, non avanzou a súa tramitación. En Cataluña o problema xurdiu coa Lei de Contratos de Cultivos que foi recorrida polo Goberno central e declarada inconstitucional polo Tribunal de Garantías.

O novo goberno, presidido por Lerroux, e no que aínda non participaban representantes da dereita, comprometeuse inmediatamente na vía de demolición da obra dos primeiros anos da República. A política do Bienio consistiu en frear todas as reformas postas en marcha.

1.— A investigación —inacabada— sobre as responsabilidades da monarquía foi cerrada con un sobresemento.

2.— O clero recibiu exorbitantes subvencións, mentres que os créditos das escolas públicas foron diminuídos.

3.— As leis que concernían á adxudicación por concurso de traballos públicos foron anuladas. Anuláronse tamén as melloras económicas e sociais que experimentaran os traballadores, ata o punto de que os salarios volveron ao nivel de 1931. O paro aumentou (no verán de 1934 o número de parados sobrepasou a cota dos 700.000, dos que 400.000 correspondían ao sector agrario), e o custo da vida elevouse notablemente.

4.— Freouse o proxecto de reforma agraria, promulgándose unha Lei de Reforma da Reforma Agraria, que foi en realidade unha contrarreforma, pois suprimiu a confiscación das terras da nobreza e mesmo anulou as expropiacións xa realizadas. Máis dura foi aínda a lei do 11 de febreiro do 34 que abolía os decretos de intensificación de cultivos e deixaba sen traballo a 28.000 campesiños. Se volveu á discriminación á hora de dar traballo, segundo que os xornaleiros foran rebeldes ou submisos.

5.— Obstaculizouse o sistema de autonomías, dificultouse a aplicación do Estatuto catalán, que chegou a ser suspendido, e impediuse a discusión do proxecto vasco.

6.— Houbo unha dura represión contra as mobilizacións populares e democráticas. Estábase permanentemente en estado de excepción, os alcaldes carecían de todo poder e a Guardia Civil, sempre a ben cos propietarios, tiña enteira liberdade de acción.

7.— Calvo Sotelo, condenado ao exilio tras a caída da Ditadura, foi amnistiado ao igual que Sanjurjo e os outros xefes do pronunciamento do 32 e postos en liberdade, e os grupos de extrema dereita saíron á rúa coa aberta protección das autoridades.

### 2.2.4. A movemento revolucionario de outubro de 1934

Ante a situación descrita arriba a resposta obreira non se fixo esperar. En Madrid, onde en todo o ano 1933 se produciron 29 folgas, houbo xa 37 no primeiro semestre de 1934. Pero a tensión esquerdas/dereitas estoupou dun xeito contundente nos primeiros días de outubro do 34. A represión dos intentos de folga do campesiñado, xunto co feito de que Lerroux se vira forzado, nos primeiros días de outubro, a formar un novo goberno no que entraron tres ministros da CEDA, foron decisivos para o estoupido dos movementos revolucionarios de outubro do 34.

Convencidos de que Gil Robles quería destruír a República, os dirixentes esquerdistas decidiron que necesitaban recorrer á forza para evitar que os inimigos da República a atacaran por medios legais. O sector do PSOE encabezado por Largo Caballero, seguindo a corrente de progresiva radicalización política e social, adoptou unha actitude próxima ás teses bolxeviques e ameazou cun levantamento armado se a CEDA entraba no Goberno.

A UGT convocou a folga xeral en toda España o 5 de outubro, que aínda que foi seguida unanimemente nas principais capitais de España, fracasou no campo e de

seguido foi reprimida e derrotada, agás en Asturias. En Cataluña, onde o presidente da Generalitat, Companys proclamou o Estat Catalá dentro da República federal española, o Goberno central dominou rapidamente a situación.

Discurso de Lluis Companys proclamando o Estat Catalá (6 de outubro de 1934)

Cataláns: as forzas monarquizantes e fascistas que dun tempo a esta parte pretenden traizoar á República, lograron o seu obxectivo e asaltaron o poder. Os partidos e os homes que fixeron públicas manifestacións contra as minguadas liberdades da nosa terra, os núcleos políticos que predican constantemente o odio e a guerra contra Cataluña constitúen hoxe o soporte das actuais institucións.

Os feitos que se produciron dan a todos os cidadáns a clara sensación de que a República, nos seus fundamentais postulados democráticos, atópase en gravísimo perigo. Todas as forzas autenticamente republicanas de España e os sectores sociais avanzados, sen distinción nin excepción, levantáronse en armas contra a audaz tentativa fascista. A Cataluña liberal, democrática e republicana non pode estar ausente da protesta que triunfa por todo o país, nin pode silenciar a súa voz de solidariedade cos irmáns que, en terras hispanas loitan ata morrer pola liberdade e o dereito. Cataluña enarbora a súa bandeira e chama a todos ao cumprimento do deber e á obediencia absoluta ao goberno da Generalitat que, desde este momento, rompe toda relación coas institucións falseadas.

Nesta hora solemne, en nome do Pobo e do Parlamento, o goberno que presido asume todas as facultades do poder en Cataluña, proclama o Estado Catalán da República Federal Española, e ao establecer e fortificar a relación cos dirixentes da protesta xeral contra o fascismo, invítoos a establecer en Cataluña un goberno provisional da República, que atopará no noso pobo catalán o máis xeneroso impulso de fraternidade no común anhelo de edificar unha república federal libre e magnífica.

Cataláns: a hora é grave e gloriosa. O espírito do presidente Maciá, restaurador da Generalitat, acompáñanos. Cada un no seu lugar e Cataluña e a República no corazón de todos. ¡Viva a República e Viva a Liberdade!

Generalitat encarcerada (Alfonso, 1934

A derrota da insurrección en Cataluña significou a suspensión total do Estatuto e o encarceramento do goberno catalán, pero fíxose sen gran derramamento de sangue.

En Asturias, sen embargo, a represión contra o movemento obreiro asturiano tivo caracteres de guerra civil, coa intervención do Exército e das tropas da Lexión de África dirixidas por Franco, que tardaron dúas semanas en acabar co movemento. Ademais dos centenares de mortos en combate, a sublevación asturiana pechouse cuns 40.000 detidos, a continuación do estado de excepción, a censura sobre a prensa e a ocupación militar da rexión.

Derradeira proclama do Comité Provincial Revolucionario de Asturias.

A todos os traballadores.

O día 5 do mes en curso comezou a insurrección gloriosa do proletariado contra a burguesía e despois de probada a capacidade revolucionaria das masas obreiras para os obxectivos de Goberno ofrecendo alternativas de ataque e defensa ponderadas, estimamos necesaria unha tregua na loita, depoñendo as armas en evitación de males maiores. Por isto, reunidos todos os Comités Revolucionarios co provincial, acordouse a volta á normalidade, pedíndovos a todos vos reintegredes de forma ordenada, consciente e serea, ao traballo.

Esta retirada, camaradas, considerámola honrosa por inevitable. A diferencia dos medios de loita, cando nós rendemos tributo de ideais e valentía no teatro da guerra, e o inimigo conta con medios modernos de combate, levounos por ética revolucionaria a adoptar esta actitude extrema. É un

alto no camiño, unha paréntese, un descanso reparador despois de tanto «surmenage». Nós, camaradas, recordámosvos unha frase histórica. «Ó proletariado pódeselle derrotar, pero xamais vencer».

Todos ao traballo e a continuar loitando polo triunfo!.

18 de outubro de 1934.

A represión foi durísima. En Asturias fusilábase a calquera persoa que tivera unha arma, aínda que esta non estivera cargada, e equipos especializados na tortura, baixo as ordes do comandante da Guardia Civil Doval, recuperaron de novo os métodos utilizados pola Inquisición para facer falar aos detidos. Revelados á opinión pública por algúns periodistas españois, estes procedementos provocaron tal indignación na propia España que o comandante Doval tivo que ser destituído e fuxiu ao estranxeiro.

Columna de prisioneiros, Asturias 1934

Durante o ano 1935, ano no que as Cortes votaron a Lei de Contrarreforma Agraria, a conflitividade obreira e campesiña acadou as súas taxas máis baixas, o cal non se debeu a unha mellora nas súas condicións materiais de vida (os salarios seguiron baixando e o paro en novembro superaba xa as 800.000 persoas), senón á represión que seguiu a toda manifestación de protesta e ás fortes medidas de control despregadas pola Garda Civil.

A CEDA, ou as súas xuventudes JAP (Juventudes da Acción Popular), organizou concentracións multitudinarias, nas que se manifestaba a súa ideoloxía fascista: «Non cabe diálogo nin conivencia coa anti-España. Nós e non eles. Ou Acción Popular acaba co marxismo ou o marxismo acaba con España.». Ao tempo, a Junta Política de Falange, reunida en Gredos, tamén, en palabras de José Antonio Primo de Rivera, afirmaba: «O noso deber é ir, por conseguinte, e con todas as súas consecuencias, á guerra civil»

**- A caída do goberno Lerroux**

A fins do ano 35, Alcalá-Zamora pretendeu frear o camiño cara o enfrontamento entre os dous bloques e aproveitou un enorme escándalo financeiro, o estraperlo, para obrigar a dimitir a Lerroux. O estraperlo (verba formada da unión dos nomes dos seus inventores, dous aventureiros internacionais: Strauss e Perl) non era nin máis nin menos cunha ruleta trucada que coa axuda de políticos —algún deles familiar de Lerroux— o casino de San Sebastián instalara nas súas salas de xogo. Formouse un goberno de transición (14 de decembro de 1935), dirixido polo galego Portela Valladares, republicano de centro, coa tarefa de organizar unhas eleccións xerais.

O novo goberno entrou en funcións cando os rumores dun golpe de Estado circulaban por Madrid. E de feito se non se levou a cabo foi porque o xefe do Estado Maior Central do Exército, Franco, considerou que aínda non era o momento de iniciar un pronunciamento, e preferiu agardar ao resultado das eleccións.

### 2.3. A Fronte Popular (febreiro-xullo 1936)

#### 2.3.1. As eleccións de febreiro do 36

Desde que en outubro do 33 se rompera a coalición republicano-socialista, Manuel Azaña e Indalecio Preito (o líder socialista da ala moderada) viñeran propugnando a necesidade de reconstruír aquela coalición, como único medio de construír unha república democrática, laica e reformista. Os comunistas, pola súa banda, seguían acusando aos socialistas de ser traidores á clase obreira, pero durante o ano 34 consideraron xa a conveniencia de cambiar de política e no verán de 1935 a Internacional Comunista, no seu Congreso de Moscova, implantou a política de «Fronte Popular» ou alianza de todas as forzas antifascistas, desde os republicanos burgueses capitalistas ata a extrema esquerda.

Así, a política de Azaña e Prieto, as consecuencias da revolución de Asturias e a nova actitude da Internacional Comunista combináronse a fins de 1935 para crear a alianza das forzas políticas de esquerda. Elaboraron o chamado Pacto da Fronte Popular, firmado o 15 de xaneiro do 36 polos representantes do Partido Socialista, Partido Comunista, Izquierda Republicana, de Azaña (no que se integrara a ORGA de Casares Quiroga), Unión Republicana de Martínez Barrio, UGT, POUM, Partido Sindicalista (Pestaña), Partido Republicano Federal. Integrouse tamén posteriormente o Partido Galeguista, coa promesa de Azaña de que o seu partido apoiaría o Estatuto Galego, como xa fixera co catalán.

Aínda que o Pacto era concibido de diversas maneiras, as forzas coa-ligadas acordaron que en caso de vitoria, o pacto converteríase en «norma de goberno que haberán de desenvolver os partidos republicanos de esquerdas, co apoio das forzas obreiras». O programa mínimo, aceptado por todos os partidos que interviñan nel, incluía os seguintes puntos fundamentais:

Programa da Fronte Popular

1.— Amnistía total para os insurrectos de 1934 e para todos os acusados de atentados político-sociais desde 1933 e procesamento de todos os culpables de «actos de violencia» ao reprimir os atentados políticos.

2.— Reposición nos seus postos de todos os traballadores e empregados públicos despedidos por causas políticas e compensación plena de todas as perdas sufridas por eles.

9.— Continuación da reforma agraria; arrendamentos menores e maior seguridade para os pequenos propietarios; redución dos impostos e das taxas de intereses aos pequenos propietarios; axuda técnica acrecentada para os pequenos propietarios.

10.— Política para superar a depresión industrial con bases para a protección á industria, reforma do arancel, etc.

11.— Programa de obras públicas para atender a falta de iniciativa dos empresarios privados.

12. — Posta da banca e da facenda ao servizo da reconstrución nacional. Prometíase unha maior intervención do Estado no Banco de España e un control máis rigoroso da banca privada. No relativo á facenda preconizábase unha reforma fiscal progresiva.

13.— Restauración de toda a lexislación social de 1931-33; aumento de salarios; amplo programa de vivendas sociais; extensión da educación a todos os niveis.

O pacto non era un programa revolucionario, senón que fundamentalmente tratouse dun programa socialdemócrata reformista. Era un acordo conxuntural co obxectivo de gañar as eleccións xerais: volta á política reformista do primeiro período, acelerar a reforma agraria e amnistía para os detidos polos sucesos de 1934. A CEDA encabezou pola súa parte unha alianza de todos os partidos monárquicos e conservadores en defensa da política reaccionaria realizada, e con unha propaganda centrada na oposición ao separatismo e ao marxismo. Nas eleccións triunfou a Fronte Popular: dos 471 deputados elixidos, 269 eran da Fronte Popular e 202 da Dereita e do Centro En Galicia, en A Coruña e Pontevedra gañou a Fronte Popular, non así en Lugo e Ourense. O Partido Galeguista obtivo 3 actas de deputados, entre eles Castelao.

Propaganda da CEDA

A dereita reaccionou chamando á intervención do Exército: Gil Robles tentou convencer a Portela Valladares da necesidade de declarar o estado de guerra, José Antonio Primo de Rivera chegou para pedir armas para que a Falange se defendera e o xefe do Estado Maior, xeneral

Franco, falaba co ministro de Guerra pedíndolle que declarase o estado de sitio, ao que este se opuxo. Nos medios monárquicos e da extrema dereita crecía o pánico e non foron poucos os aristócratas que emprenderon precipitado viaxe ao estranxeiro.

### 2.3.2. O Goberno da Fronte Popular e o Estatuto de Galicia

O 18 de febreiro o goberno Portela Valladares transferiu os seus poderes ao novo goberno presidido por Azaña e enteiramente composto por republicanos, conforme ao acordado no pacto da Fronte Popular. Pronto o mesmo Alcalá Zamora viuse expulsado da Presidencia pola esquerda, que elevou a Azaña á Xefatura do Estado, en tanto que os socialistas, non querendo comprometerse, rexeitaron a invitación que o novo presidente fixo a Prieto para que formase goberno. Confiou entón o poder Azaña ao seu correlixionario Casares Quiroga, xefe da ORGA, en momentos nos que a intranquilidade se estendía polo país. O novo goberno tomou unha serie de medidas:

1.— En febreiro púxose en liberdade a 30.000 presos políticos, a maioría deles encarcerados desde os episodios revolucionarios de 1934.

2.— No mesmo mes decretouse a suspensión do pago de rendas polos arrendatarios en Andalucía e Extremadura. A Reforma Agraria acelerouse de tal xeito que «se distribuíu moita máis terra durante os cinco meses que van de marzo a xullo do 36 que durante toda a historia anterior da República», segundo di o historiados Malefakis, chegándose a asentar a uns 110.000 campesiños.

3.— Devolvéronse os poderes á Generalitat de Cataluña e empezouse a discusión do Estatuto Vasco. Mentres, o 28 de xuño celebrouse o referendo do Estatuto de Autonomía de Galicia, que foi aprobado polo 74% do censo electoral galego, aínda que cun fraude electoral manifesto. O texto, redactado e alentado principalmente polo nacionalista Partido Galeguista que tiña como líderes a Castelao, Bóveda e Suárez Picallo, ía ser discutido ante as Cortes españolas cando se produciu o levantamento militar do 18 de xullo.

<u>Estatuto de autonomía de Galicia de1936</u>

TÍTULO I. PRELIMINAR

Artigo 1º.- Galicia organízase como rexión autónoma no Estado español, de conformidade á Constitución da República e ao presente Estatuto. O seu territorio é o dos municipios dentro dos actuais límites administrativos das catro provincias de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

Art. 2º.- Poderase agregar a Galicia calquera territorio limítrofe de características históricas, culturais, económicas e xeográficas análogas, mediante os requisitos que as leis xerais establezan.

Art. 3º.- Para os efectos deste Estatuto, consideraranse galegos: os que sexan por natureza e non teñan adquirida veciñanza administrativa noutro territorio da República e os demais españois que gañen veciñanza en Galicia.

Art. 4º.- Serán idiomas oficiais en Galicia o castelán e o galego, pero nas relacións oficiais da Rexión con autoridades doutras Rexións e coas do Estado usarase sempre o castelán. Os funcionarios que se designen para actuar na Rexión deberán acreditar coñecemento da lingua galega.

TÍTULO II. PODER REXIONAL

Art. 5º.- As atribucións recoñecidas a Galicia neste Estatuto, serán exercidas: por unha Asemblea lexislativa, polo Presidente

Cartel de Castelao, 1936

da Rexión, e por un órgano de goberno que se denominará Xunta de Galicia; ou polo Pobo directamente actuando en calquera das formas que establecen os artigos 6 e 10 deste título. A función xudicial exercerase por Xurados, Xuíces e Tribunais,.

TÍTULO III. ATRIBUCIÓNS DA REXIÓN

Art. 14.- Corresponde á Rexión galega:

a) A organización e réxime local de Galicia, sobre as bases do recoñecemento da personalidade xurídica á parroquia e plena autonomía do Concello; e a división do territorio a ditos efectos.

d) O réxime agrario; a creación de institucións autónomas para a execución da súa reforma; e a ordenación e fomento de Montes, Agricultura e Gandería.

f) O turismo; a conservación de Monumentos e a defensa do Patrimonio artístico e cultural de Galicia, o cal non poderá ser alienado, nin levado fóra da Rexión.

h) As obras públicas e concesións de todas clases de interese rexional.

i) O réxime do transportes por estradas, camiños veciñais e vías fluviais e a condución de enerxía eléctrica, dentro da Rexión.

Art. 15.- (...) Nas Escolas primarias da Rexión e nas do Estado, será obrigatorio o ensino das linguas galega e castelán, e nos Institutos e Escolas Normais crearanse as materias de Lingua, Literatura, Xeografía e Historia de Galicia. Nos Establecementos de Ensinos especiais do Estado e na Universidade compostelá, a Rexión poderá soster ou subvencionar cátedras e institucións de cultura galega.

4.— Decidiuse a reactivación do programa de construcións escolares

5.— Realizáronse unha serie de reaxustes no exército Os mais sinalados foron os distanciamentos dos xefes considerados perigosos, Franco e Goded, a quen se destinou a Canarias e Baleares respectivamente.

Pero a axitación e a tensión social seguiu en aumento, tanto no campo —onde houbo espontáneas ocupacións de terras— como nas cidades e nas zonas mineiras onde á grande onda de folgas, os patróns responderon de novo co *lock-out*, peche das empresas.

Por outra banda, desde o mes de abril a violencia política agravouse considerablemente, chocando nas rúas as organizacións paramilitares sindicais cos grupos falanxistas, que viron aumentar as súas rapidamente coas achegas das decepcionadas xuventudes cedistas. Multiplicáronse os atentados persoais e contra os edificios relixiosos. O Goberno viuse incapaz de frear esta violencia, atrapado como estaba entre dous adversarios: os da esquerda cos anarquistas á fronte, que preconizaban unha acción inmediata para transformar a vitoria política en revolución social, e os que desde a dereita estaban xa preparando un levantamento militar contra o Goberno.